



Guía Docente						
Datos Identificativos				2024/25		
Asignatura (*)	Atención á diversidade: aspectos didácticos e organizativos		Código	652G02038		
Titulación	Grao en Educación Primaria					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5		
Idioma	Galego					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Pedagogía e Didáctica					
Coordinación	Castro Rodríguez, Mª Montserrat	Correo electrónico	maria.castror@udc.es			
Profesorado	Castro Rodríguez, Mª Montserrat	Correo electrónico	maria.castror@udc.es			
Web	Www.udc.gal					
Descripción xeral	<p>Esta materia ten como obxectivo que o futuro profesorado adquira competencias que lle permitan identificar e planificar a súa práctica educativa dende a perspectiva de atención á diversidade de necesidades, potencialidades, intereses individuais e colectivos de TODO O ALUMNADO, dende unha perspectiva do Deseño Universal de Aprendizaxe.</p> <p>Enténdese a diversidade como unha oportunidade de aprendizaxe. Por este motivo, é necesario identificar os elementos didácticos e organizativos que poden confluir no desenvolvemento de unha proposta pedagóxica. A partir de aí, trátase de buscar, analizar, utilizar metodoloxías, estratexias didácticas más axeitadas a cada persoa, colectivo e contexto educativo, así como organizar ditos elementos didácticos para que todo o alumnado poida aprender conxuntamente de acordo coas súa características e condicións.</p> <p>Esta materia ten como lingua vincular o galego. Os materiais e lecturas proporcionaranse en galego e tamén os haberá en cautelan. Ademais participamos no programa English Friendly e se algúna persoa desexa ter a bibliografía en inglés, tamén se lle proporcionará.</p>					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudiantes e identificar disfuncións.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informá-las e colaborar no seu tratamento.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudiantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B17	Capacidade de análise e de autoavalización tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B21	CB1 - Que os estudiantes demostrases posuér e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudiantes saibán aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudiantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
----	--

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
A3 Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudiantes e identificar disfuncións.		A3 A4 A6 A11 A20	B16 B17 B21 B22 B23 B24 B25
A4 Identificar dificultades de aprendizaxe, informalas e colaborar no seu tratamento.		A4	
A6 Identificar e planificar a resolución de situacíons educativas que afectan a estudiantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.		A6	
A11 Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.		A11	
A20 Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.		A20	
B16 Capacidad crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.		B16	
B17 Capacidad de análise e de autoavaliable tanto do propio traballo como do traballo en grupo.		B17	
B21 Que os estudiantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo		B21	
B22 Que os estudiantes saibam aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo		B22	
B23 - Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética		B23	
B24 Que os estudiantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado		B24	
b 25 Que os estudiantes desenvolvesen aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía		B25	
C4 Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		B24	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1A atención á diversidade na educación Primaria	-Concepto -Modelos -Evolución -Principios
2.Necesidades e potencialidades educativas específicas asociadas á diversidade da condición humana	Respuestas del Diseño Universal del Aprendizaje (DUA) a la diversidad de condiciones humanas de índole intelectual, sensorial, motórica, trastornos de hiperactividad o autismo, cultural, de origen, identidad de género y sexualidad, de estilos de aprendizaje, creencias



3.Medidas curriculares de resposta á diversidade	Respostas do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA) á diversidade de condicións humanas de índole intelectual, sensorial, motórica, trastornos de hiperactividade ou autismo, cultural, de orixe, identidade de xénero e sexualidade, de estilos de aprendizaxe, crenzas
4.Medidas organizativas de resposta á diversidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Modelos e organización dos apoios educativos. A parella profesional</li> <li>-O rol transversal do DO para o deseño dun proxecto e dunha práctica educativa universal</li> <li>-Identificación de barreiras que introducen sesgos que orixina segregación</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B21	1	1	2
Discusión dirixida	A3 A6 B16 B17 B23 C4	5	0	5
Estudo de casos	A3 A4 A20 B16 B17 B22	5	17	22
Lecturas	A3 B23 C4	3	10	13
Eventos científicos e/ou divulgativos	B16 B22 B24 B25	3	6	9
Sesión maxistral	B16 B17 B21	4	5	9
Traballos tutelados	A3 A4 A6 A11 A20 B16	3	12.5	15.5
Proba práctica	A4 A6 B16 B22 C4	3	10	13
Aprendizaxe colaborativa	A4 A11 B16 B17 B23 C4	5	15	20
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	A principios do cuatrimestre cada estudiante terá que describir unha experiencia, situación, reflexión sobre situacions vividas no practica con alumnado, profesorado e/ou familias. As experiencias agruparan nun documento compartido por toda á clase. Estas experiencias que estarán relacionados cos temas da materia servirán para traballar con elas nas clases é para a elaboración do traballo de investigación e os traballos tutelados.
Discusión dirixida	Trátase de intercambiar razonamentos e elaborar un pensamento propio sobre os temas traballados
Estudo de casos	Cada estudiante ou grupo de estudiantes seleccionará unha situación de ensino-aprendizaxe real que terá que describir, analizar e interpretar, e finalmente proporcionará pautas e orientacions para realizar promover unha educación inclusiva para todos e todas. O obxectivo desta actividade é que cada estudiante sexa capaz de identificar variables, realizar hipóteses, etc que lle axuden a comprender qué está ocorrendo na aula. O alumnado conta con unha guía de análise de casos, que consta de tres apartados: identificación dos trazos significativos da situación, realización de hipóteses que axuden a explicar que pode estar ocorrendo nese e contexto e proporcionará suxerencias para o traballo na aula co obxectivo de superar esa situación. ESTAMOS EN PROCESO DE NEGOCIACIÓN, PARA INTENTAR QUE ESTA MATERIA POIDA DESENVOLVERSE A TRAVÉS DUN APS, POLO QUE ESTAS ACTIVIDADES PODERÍAN REALIZARSE DENTRO DEL.
Lecturas	Indicaranse na aula as que teñen carácter obligatorio e as que teñen un carácter opcional
Eventos científicos e/ou divulgativos	Trátase de aproveitar os distintos recursos da universidade e doutras institucions ou agrupacións de carácter cultural, educativo, en relación cos contidos e competencias da materia.
Sesión maxistral	Realizarase ao inicio de cada unidade temática, ou cando através do seguimento do traballo de aula e individual, se perciba a necesidade de aclarar ou introducir conceptos esenciais ou novos



Traballos tutelados	<p>Os traballos tutelados teñen como obxectivo a elaboración dunha proposta didáctica. Cada equipo partirá dun contexto de aula dado (Anexo), ao que lle poderán engadir máis datos. Ao longo do cuatrimestre, maioritariamente na clase, irán elaborándose os distintos apartados que componen a proposta didáctica e que se corresponden cos seguintes elementos: Competencias, obxectivos, contidos e criterios de avaliación seleccionadas dende a perspectiva dun ensino globalizado; metodoloxías, estratexias de intervención e materiais/recursos adaptados ao modelo DUA; Clima de aula: Espazo, tempo, interacción e xustiza social na aula.</p> <p>Cada equipo deberá realizar unha proposta de intervención contextualizada nunha clase ordinaria concreta que será definida e explicada polo miúdo. Cada equipo deberá facer unha proposta de intervención para dita clase ordinaria. A proposta didáctica baséase nunha perspectiva de atención á diversidade inclusiva, baseada no Deseño Universal da Aprendizaxe.</p> <p>Cada equipo presentará a súa proposta. ESTAMOS EN PROCESO DE NEGOCIACIÓN, PARA INTENTAR QUE ESTE MATERIAL SE DESENVOLVA A TRAVÉS DE DUN APS, PARA QUE DENTRO DEL SE PODAN REALIZAR ESTAS ACTIVIDADES.</p>
Proba práctica	<p>Esta actividade realizaízase en equipo. Ao alumnado propónselle un caso prácticos dos propostos polo propio alumnado e terán que analizar as posibles hipóteses do que sucede nesa situación, que obstáculos se detectan e que dificultan que todo o alumnado poida compartir unha experiencia de aprendizaxe exitosa para todas as persoas que integran a aula. Analizarase a capacidade do equipo para detectar o que ocorre, as estratexias e propostas que realizan para superar os problemas que caracterizan esa situación.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>A aprendizaxe colaborativa será a constante da materia. Os traballos tutelados e a proba práctica realizaranse en equipo e, quen o considere, tamén poderá realizar o estudo de caso. Os equipos darán unha avaliación interna do seu grao de funcionamento e da implicación no seguimento da materia.</p>

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	Tanto o estudo de caso como a simulación dunha situación real de aula, esixe un traballo moi personalizado, por este motivo,
Traballos tutelados	o alumnado recibirá individual ou colectivamente a atención da profesora da materia. A atención personalizada farase mediante as tutorías pero tamén na aula ordinaria, pois a metodoloxía de traballo baséase nas necesidades e demandas individuais e grupais. Nesta supervisión solventaranse as dúbidas que poidan presentarse e daranse indicacións sobre as diversas fases de elaboración dos traballos propostos.

Os traballos en equipo terán que realizar distintas tutorías coa profesora para deseñar as propostas.

Ao longo da materia, ofrecerase dúas posibilidades de ir que cada equipo suba ao campus virtual os traballos que está realizando e poida recibir un feedback do realizado ata o momento.

O alumnado que teña dispensa académica ou a tempo parcial, desde a primeira semana, establecerase un calendario de xuntanzas para levar a cabo o seguimento da materia.

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Estudo de casos	A3 A4 A20 B16 B17 B22	Cada estudiante individual ou grupo de estudiantes seleccionará unha situación real que terá que describir, analizar e interpretar, e finalmente proporcionará pautas e orientacións para realizar promover unha educación inclusiva para todos e todas. O traballo terá unha extensión máxima de 5000 palabras. Os criterios de evaluación son: <ul style="list-style-type: none"><li>-Descripción e identificación da información necesaria para realizar un informe do alumnado completo e adecuado a cada situación.</li><li>-Hipóteses que poidan contribuir a explicar e entender mellor que pode estar ocorrendo nesa aula para que se xenere esa situación.</li><li>-Pautas para implementar nese contexto específico de aula ordinaria para promover unha escola inclusivo para todos e todas</li><li>-Emprego de bibliografía inclusiva</li><li>-Valorarase positivamente a integración con carácter transversal a inclusión da análise e intervención dende unha perspectiva ecosistémica que integre a perspectiva de xénero, de sustentabilidade e lingüística, que se explicará detalladamente na clase.</li><li>-Uso de linguaxe inclusiva</li></ul>	30
Traballos tutelados	A3 A4 A6 A11 A20 B16	Os traballos tutelados realizaranse maioritariamente dentro do horario lectivo da materia. Formará parte da evaluación continua. Os traballos consistirán en: diseño dunha aula ordinaria accesible para a mobilidade e para o acceso ao coñecemento, realización do perfil de estudiantes de EP que poderían estar na aula (algúns dos cales poden ser os mismos do proxecto de investigación). Finalmente o equipo deseñará unha proposta de intervención ou pautas orientadas á selección de obxectivos, contidos, metodoloxía, estratexias de intervención, recursos e materiais, evaluación, etc que respondan ás distintas necesidades do todo o alumnado da aula. Criterios de evaluación: <ol style="list-style-type: none"><li>1. Adaptación aos aspectos formais: anexo para a selección do contexto; presentación do documento según APA 7; bibliografía según APA 7 e con perspectiva de xénero; linguaxe inclusiva.</li><li>2. Competencias, obxectivos, contidos e criterios de evaluación seleccionadas dende a perspectiva dun ensino globalizado.</li><li>3. Metodoloxías, estratexias de intervención e materiais/recursos adaptados ao modelo DUA</li><li>4. Clima de aula: Espazo, tempo, interacción e xustiza social na aula</li></ol>	40
Proba práctica	A4 A6 B16 B22 C4	Esta actividade realiza en equipo. Ao alumnado propónselle un caso prácticos dos propostos polo propio alumnado e terán que analizar as posibles hipóteses do que sucede nesa situación, que obstáculos se detectan e que dificultan que todo o alumnado poida compartir unha experiencia de aprendizaxe exitosa para todas as persoas que integran a aula. Analizarase a capacidade do equipo para detectar o que ocorre, as estratexias e propostas que realizan para superar os problemas que caracterizan esa situación.	30

Observacións avaliación



A modalidade de avaliación será a mesma para o todo o alumnado e para a 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> convocatoria.

O alumnado con recoñecemento oficial de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá solicitar unha titoría para programar as sesións interactivas e expositivas nas que non puidera participar co fin de planificar os traballos. O alumnado non asistente (que non asista a un 80% das clases por motivos xustificados), realizará os mesmos traballos que o asistente, pero con adaptación que afectan aos traballos tutelados e as probas prácticas. Este alumnado poderá traballar en equipo.

Os traballos presentaranse en formato dixital no campus virtual na tarefa deseñada para tal fin.

"A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometía: o/a estudiante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario"

No caso de poder implementar un APs, ambas actividades poderán realizarse dentro dese marco.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Abalo Quintela, J. E. (2017). O ROL DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO NOS TRASTORNOS DA CONDUTA. INNOVACIÓN EDUCATIVA</li><li>- Ainscow (2011). Respondiendo al desafío de la equidad en los sistemas educativos. Revista de Pedagogía de la Universidad de Salamanca</li><li>- Almazán, L.; Colmenero, M.J.; Ortiz, A (2002). Organización y atención a la diversidad en los centros educativos. Aula de Encuentro</li><li>- Alba Pastor, C, Sánchez, J., &amp; Zubillaga, A (2014). Diseño Universal para el Aprendizaje (DUA) Pautas para su introducción en el currículum. Pastor, C. A., Sánchez, J., &amp; Zubillaga, A</li><li>- Barreiro González, M.P. (2009). Resposta dos centros educativos á diversidade. Revista Galega de Educación</li><li>- Bonilla-del-Río, M., &amp; Sánchez-Calero, M. L (2022). Inclusión educativa en tiempos de COVID-19: Uso de redes sociales en personas con discapacidad intelectual. RIED-Revista Iberoamericana De Educación a Distancia</li><li>- Booth, T. &amp; Ainscow, M. (2002). GUÍA PARA LA EVALUACIÓN Y MEJORA DE LA EDUCACIÓN INCLUSIVA.. <a href="https://sid-inico.usal.es/idocs/F8/FDO21426/guia_para_la_evaluacion_y_mejora.pdf">https://sid-inico.usal.es/idocs/F8/FDO21426/guia_para_la_evaluacion_y_mejora.pdf</a></li><li>- Caamaño Liñares, T. et ali (2022). Lo que la diversidad esconde. tab Edizioni</li><li>- Castaño Calle, R. (2011). Las adaptaciones curriculares y otras medidas de carácter general en el contexto de la LOE respecto a la diversidad de los alumnos. Hekademos</li><li>- Cidoncha, V. (2008). Materiales generales y específicos para los alumnos con necesidades educativas especiales. Educación y Futuro digital</li><li>- Crisol Moya, Martínez Moya, El Homrani (2015). El aula inclusiva. Condiciones didáctica y organizativas.. Revista nacional e internacional de educación inclusiva ISSN (impreso): 1889-4208.</li><li>- CROTAI TOMELLOSO (2009). Medidas organizativas y curriculares de atención a la diversidad desde una perspectiva inclusiva. CROTAI TOMELLOSO. <a href="https://sosprofes.es/wp-content/uploads/2020/08/medidas_escuelainclusiva.pdf">https://sosprofes.es/wp-content/uploads/2020/08/medidas_escuelainclusiva.pdf</a></li><li>- European Agency for Development in Special Needs Education (2012). Welcome to the European Agency for Special Needs and Inclusive Education website!. <a href="https://www.european-agency.org">https://www.european-agency.org</a></li><li>- European Agency for Development in Special Needs Education (2017). RAISING THE ACHIEVEMENT OF ALL LEARNERS A Resource to Support Self-Review. <a href="https://www.european-agency.org/sites/default/files/raising_achievement_self-review.pdf">https://www.european-agency.org/sites/default/files/raising_achievement_self-review.pdf</a></li><li>- Gobierno Vasco (d/d). ORIENTACIONES PARA EL TRATAMIENTO DE LA DIVERSIDAD EN EDUCACIÓN PRIMARIA . <a href="http://www.hezkuntza.ejgv.euskadi.eus/contenidos/informacion/dig_publicaciones_innovacion/es_diversi">http://www.hezkuntza.ejgv.euskadi.eus/contenidos/informacion/dig_publicaciones_innovacion/es_diversi</a></li><li>- Gobierno Vasco (2015). Guía de atención integral a las personas en situaciones de transexualidad. <a href="http://www.siis.net/documentos/ficha/514165.pdf">http://www.siis.net/documentos/ficha/514165.pdf</a></li><li>- González Fontao, M.P. e Martínez Suárez, E.M. (2010). Una medida innovadora para la atención a la diversidad. La adaptación curricular por competencias. Innovación Educativa</li><li>- González-Gil, F. (2011). Inclusión y atención al alumnado con necesidades educativas especiales en España. CEE Participación Educativa, 18, noviembre 2011, pp. 60-78</li><li>- González-Peiteado, M. e Martínez Geijo, P. (2016). Los estilos de enseñanza: construyendo puentes para transitar las diferencias individuales del alumnado. Revista Complutense de Educación</li><li>- Grau Rubio, C. e Fernández Hawrylak, M. (2008). La atención a la diversidad y las adaptaciones curriculares en la normativa española. Revista Iberoamericana de Educación, Revista Iberoamericana de Educación Boletín RIE digit@I 46/3</li><li>- Moya Maya, A (2012). El profesorado de apoyo en los centros ordinarios. Nuevas funciones, nuevas contradicciones. Educatio siglo XXI: Revista de la Facultad de Educación</li><li>- Leiva Olivencia, J.J. (2010). Práctica de la interculturalidad desde la perspectiva docente: análisis y propuestas pedagógicas. C&amp;E. Cultura y Educación</li><li>- Núñez Mayón, M.T. (2019). El estancamiento de la inclusión educativa del alumnado con discapacidad. Revisión de su escolarización entre 1985 y 2015.. Revista Nacional e Internacional de Educación Inclusiva</li><li>- Pardo Baldoví et ali (2022). Prácticas docentes en la escuela digital: la inclusión como reto. RELATEC - Revista Latinoamericana de Tecnología Educativa</li><li>- Peirats Chacón, J. &amp; Marín Suelves, D. (2018). Las medidas organizativas y curriculares en las necesidades</li></ul>
---------------------	--



- específicas de apoyo educativo. Marín & Fajardo (2018). Intervención psicoeducativa en alumnado con necesidades específicas de
- PÉREZ DÍEZ, L. y C. JIMÉNEZ FERNÁNDEZ (2018). Influencia de la organización escolar en la educación de los alumnos de altas capacidades. Enseñanza & Teaching
  - Muñoz Moreno, J. L (2017). La mejora de las instituciones educativas desde la colaboración. Vol. 23 Núm. 1 (2017): Retóricas, resistencias y convergencias: los nuevos modelos de gestión en la
  - Rubim de Souza, J e Agostini Martins M de F. (2023). El papel del profesor de apoyo en la promoción de la inclusión escolar de alumnos con Trastorno del Espectro Autista (TEA). Contribuciones a Las Ciencias Sociales, São José dos Pinhais, v.16, n.8, p. 8629-8646
  - Pérez Galán, R. (2009). Los nuevos retos del aprendizaje social en niños con necesidades educativas especiales. El aprendizaje en comunidad o la comunidad de aprendizaje en el aula. Revista de Educación
  - Saiz Fernández, H., Morote Blanco, D., Vidal Esteve, I., Gallardo Fernández, I. (2016). Los espacios inclusivos de encuentro y el Modelo de Apoyos. Libro de Actas del XVI Congreso Nacional y VII Congreso Iberoamericano de Pedagogía: Democracia y Ed
  - San Martín Ulloa, C. (2017). ¿Dónde y cuándo proporcionar apoyos pedagógicos para facilitar los procesos de inclusión?. <http://www.repositoriocdpd.net:8080/handle/123456789/1914>
  - Sanahuja, A., Borri-Sanahuja, A., Borri-Anadon, C. y De Angelis, C (2022). Prácticas inclusivas en el contexto escolar: una mirada sobre tres experiencias internacionales. Revista Iberoamericana de Educación
  - Sotomayor Bricio, D. R et al. (2024). Estrategias de Inclusión en Estudiantes con Déficit de Atención (TDAH) y su Impacto en el Rendimiento Escolar. Ciencia Latina Revista Científica Multidisciplinaria, 8(3), 37-57.
  - Torres, J.A. e Fernández Batanero, J.Mª (2015). Promoviendo escuelas inclusivas: análisis de las percepciones del profesorado desde unha perspectiva organizativa, curricular y de desarrollo profesional.. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado,
  - Trujillo Sáez, F. & Ariza Pérez (2006). Experiencias Educativas en Aprendizaje Cooperativo. Grupo Editorial Universitario
  - Wiliam, D & Leahy, S. (2023). Integrar la evaluación formativa en la enseñanza. Graó Proporcionase unha relación importante de referencias bibliográficas porque o alumnado seleccionará as lecturas en función das temáticas que precisa para os traballos. A docente tamén solicitará a lectura de entre 5 e 7 documentos.

**Bibliografía complementaria**

- AA.VV. (2010). La respuesta educativa a la diversidad, aquí y ahora. Ediciones da Universidad de Castilla-La Mancha
- Araque, N. e Barrio de la Puente, J.L. (2010). Atención a la diversidad y desarrollo de procesos educativos inclusivos. Revista de Ciencias Sociales

**Recomendacíons**

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

**Observacións**

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías